



RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Expediente 25/2014 CN: SERVIZO DE ELABORACIÓN E REDACCIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DO XABARIL (SUS SCROFA) COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NUNHA PORCENTAXE MÁXIMA DUN 80% NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013

Órgano de Contratación: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. O 10 de xullo de 2014 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas iniciou un expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade de acordo cos artigos 169 e seguintes do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP) relativo ao servizo de elaboración e redacción do plan de xestión do xabaril (Sus scrofa) cofinanciado polo fondo europeo de desenvolvemento rexional nunha porcentaxe máxima dun 80% no marco do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013, cun orzamento base de licitación de 59.800,00€.

Segundo. Para a tramitación deste expediente, o órgano de contratación da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas enviou invitacións á empresa GEODEM, S.L., á empresa EAFOR, S.L e a RAMÓN MAGDALENA NOGUEIRA, coa finalidade de que presentaran as súas ofertas de acordo co establecido nos pregos que rexen esta contratación. Presentaron oferta as empresas GEODEM, S.L. e EAFOR, S.L.

Terceiro. O sobre A, que inclúe a documentación xeral ou administrativa das empresas, abriuse o 20 de outubro de 2014, observándose que as dúas empresas, GEODEM, S.L. e EAFOR, S.L., presentaban a documentación correctamente sendo admitidas ao procedemento.

Cuarto. De conformidade cos criterios de avaliación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares aprobado para o expediente de referencia, realizouse unha valoración e estudio das propostas técnicas e as ofertas económicas presentadas, sendo o resultado o que aparece reflectido no informe elaborado polo xefe do servizo de Caza e Pesca Fluvial do 31 de outubro de 2014.

Tendo en conta o anterior, o resultado final da valoración das ofertas é a puntuación que se recolle no seguinte cadro:

NOME EMPRESA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACION OFERTA TÉCNICA	PUNTUACION TOTAL PONDERADA
EAFOR, S.L.	14,34	4,00	10,28
GEODEM, S.L.	20,00	9,00	15,6



Asemade, como resultado da antedita avaliación, o Vicesecretario Xeral o 4 de novembro de 2014 formulou proposta de adxudicación a favor do licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa: GEODEM, S.L.

Quinto. O 6 de novembro de 2014, ao abeiro do establecido no artigo 151 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, en referencia á clasificación das ofertas e adxudicación do contrato, o órgano de contratación requiriu á empresa GEODEM, S.L., para que, no prazo de dez días hábiles, dende o seguinte ao recibo do requirimento, acreditase o cumprimento das obrigas que figuran no apartado 5.10 do prego de cláusulas administrativas particulares e o xustificante de ter depositado, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, a garantía definitiva.

Sexto. A dita empresa presentou a documentación o 18 de novembro e, unha vez examinada a mesma, observouse que non achegaban copia da declaración do imposto de sociedades onde conste a cifra de negocios do penúltimo ano anterior ao devengo do imposto, motivo polo que se lle deu un prazo de tres días para a súa emenda. Tras a análise da documentación presentada no trámite de emenda, e de conformidade co informe do xefe do Servizo de Caza e Pesca Fluvial do 1 de decembro de 2014 relativo á documentación que acredita a solvencia técnica, o 23 de decembro de 2014 a xefa do Servizo de Contratación formulou acta de calificación da documentación requirida na que expresa que considérase cumprido o requirimento efectuado polo órgano de contratación á empresa GEODEM, S.L.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. A competencia para ditar esta resolución corresponde ao secretario xeral técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en virtude do establecido no apartado Segundo da Orde do 15 de marzo de 2012, sobre delegación de competencias no secretario xeral e noutros órganos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. (DOG núm. 58, do 23 de marzo de 2012).

Segundo. O artigo 151.4 do TRLCSP establece a obriga de acordar a adxudicación dos contratos mediante resolución motivada.

Terceiro. Da análise da documentación que obra no expediente de contratación, os informes técnicos e a proposta da Vicesecretaría Xeral, procede adxudicar o contrato á empresa GEODEM, S.L. por ser a proposición máis vantaxosa.

Polo exposto,

Logo de examinar o Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento da lei de contratos das administracións públicas e demais normativa de desenvolvemento,



RESOLVO,

Primeiro. Adxudicar o devandito contrato nos seguintes termos:

EMPRESA	GEODEM, S.L.	
NIF	B70204672	
ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN	IVE	TOTAL
57.300,00 €	12.033,00 €	69.333,00 €

Aplicación orzamentaria: 07.05.541B.640.1

Segundo. Notificar aos licitadores e publicar esta resolución no perfil do contratante deste órgano de contratación, de conformidade co sinalado nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP.

A formalización do contrato, de acordo co previsto no artigo 156.1 do TRLCSP, deberá ter lugar en documento administrativo, no prazo de quince días hábiles dende que o adxudicatario reciba a notificación desta resolución, constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público, se ben o contratista poderá solicitar a elevación do mesmo a escritura pública facéndose cargo de todos os gastos que isto orixine.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano de contratación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación (segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común) ou directamente recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto conforme ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

31 DEC. 2014

A CONSELLEIRA
 P.D. (Orde do 15/03/2012, DOG núm. 58 de 23/03/2012)
 O SECRETARIO XERAL TÉCNICO



José Antonio Fernández Vázquez